

BASES QUE REGULAN A INSCRICIÓN NOS CAMPAMENTOS URBANOS DE VERÁN DA CASA MUNICIPAL DA XUVENTUDE NO ANO 2018

As presentes bases regularán o proceso de inscrición nos Campamentos urbanos de verán no ano 2018. Trátase dun programa educativo de actividades que terá lugar nos meses de verán, xullo e agosto, de luns a venres, en horario de 9 a 14 horas da mañá, organizados polo Concello de Barbadás e o acceso o mesmo.

1. NÚMERO DE PRAZAS E QUENDAS

1.1 Ofértanse:

- **30 prazas** para a primeira quenda (do 2 ó 27 de xullo) **para rapaces de 7 a 14 anos** (ámbolos dous incluídos) **empadroados no concello.**
- **30 prazas** para a segunda quenda (do 1 ó 28 de agosto) **para rapaces de 7 a 14 anos** (ámbolos dous incluídos) **empadroados no concello.**
- **30 prazas** para a primeira quenda (do 2 ó 27 de xullo) **para rapaces de 3 a 6 anos** (ámbolos dous incluídos) **empadroados no concello.**
- **30 prazas** para a segunda quenda (do 1 ó 28 de agosto) **para rapaces de 3 a 6 anos** (ámbolos dous incluídos) **empadroados no concello.**

1.2 Os solicitantes non poderán participar en máis dunha quenda.

1.3 A adxudicación de prazas realizarase de forma **Directa**, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles e **por sorteo público**, no suposto de que o número de solicitantes supere o número de prazas dispoñibles.

2. PERSOAS CON DISCAPACIDADE

2.1 As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria cumprindo os seguintes requisitos:

- Facer constar a súa condición no apartado que figura no impreso de solicitude, co fin de planificar os apoios necesarios se os precisaran.
- Que no certificado de recoñecemento de discapacidade non se recolla a necesidade de axuda de terceira persoa.
- Ter capacidade de integración no grupo e que as súas limitacións e/ou necesidade especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades programadas que se van a desenvolver.

Os requisitos sinalados serán condición para a admisión da solicitude e o seu incumprimento non permitirá a participación da persoa solicitante no campamento.

2.2 Porén, a organización reservará en cada quenda un 5% das prazas para os solicitantes con discapacidade igual ou superior ao 33% que non cumpra os requisitos do punto 2.1., que deberán facer constar da mesma maneira a súa condición, co fin de planificar os apoios necesarios para a súa integración na actividade.

2.3. En función do tipo de discapacidade, poderían excepcionalmente a algún tipo de actividade dentro da programación. De-se lo caso, o participante non podería participar nesa actividade específica.

3. PRAZOS E ADXUDICACIÓN

3.1 O **prazo de inscrición** será desde o martes, 12 de xuño ao luns, 18 de xuño de 2018 (ámbolos dous incluídos) podendo ampliar este prazo en caso de non cubrir a totalidade das prazas.

3.2 O mércores, 20 de xuño, publicaranse a lista de solicitantes, por orden alfabético, a efectos das comprobacións dos usuarios e co número correspondente para o sorteo público de se-lo caso. (No caso de irmáns participarán cun único número no sorteo)

3.3 A adxudicación poderá ser:

- **Directa**, no caso de que a demanda non supere o número de prazas ofertadas.
- **Por sorteo público**, no suposto de que o número de solicitantes supere o número de prazas ofertadas. Neste caso, o sorteo realizarase o venres, 22 de xuño as 12,00 horas da mañá, na Casa Municipal da Xuventude de Barbadás, podendo asistir todas as persoas interesadas.

3.4 O luns, 25 de xuño publicarase o resultado do sorteo incluídas as listas de espera, no taboleiro da Casa da Xuventude e na páxina web, coa correspondente lista de admitidos na actividade.

3.5 Os solicitantes admitidos deberán **realizar o pagamento e presentar o xustificante de pago na Casa da Xuventude, do 25 ao 27 de xuño.**

3.6 A presentación do xustificante de pago dentro deste prazo suporá a confirmación da praza no campamento urbano.

3.7 A non presentación do xustificante de pago suporá a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.

3.8 Para os solicitantes que se atopen no punto 2.2, seguirase o mesmo procedemento.

4. INSCRICIÓN

4.1 As inscricións poderán realizarse de **forma presencial** na Casa da Xuventude, no Rexistro Xeral do Concello, e nas oficinas Municipais da Valenzá, ou por correo certificado, presentando a seguinte documentación:

- A folla de inscrición individual ou múltiple (no caso de irmáns dentro da unidade familiar) debidamente cumprimentada que se facilitará na Casa Municipal de Xuventude ou que se poderá descargar directamente na páxina web do concello, cuxa sinatura produce os efectos de autorización para a asistencia do menor a actividade.
- A solicitude poderá ser individual ou múltiple (no suposto de dous, tres ou catro irmáns)
- A solicitude múltiple ten efectos para adxudicación de prazas durante o sorteo segundo a a orde dos resultados do sorteo e para xerar as listas de espera. No momento das adxudicacións desde a lista de espera xa se teñen en conta como individuais.
- Certificado de recoñecemento de discapacidade.
- Libro de familia (só no caso de que o/a menor nos dispoña de DNI para proceder á comprobación de datos).
- Xustificante do pagamento nas datas sinaladas no punto 3 e 5 (do 25 ao 27 de xuño de 2018).

4.2 Só no caso da presentación de solicitudes por correo certificado, estas deberán ir dirixidas ó seguinte enderezo:

Concello de Barbadás Rúa Cimadevila nº 1

32890 Barbadás (Ourense)

4.4 Horario das oficinas para realizar a inscrición de forma presencial será de luns a venres de 8.30 a 14.30 horas da mañá.

4.5 Os datos reflectidos na documentación presentada deberán ser certos na súa totalidade; de non ser así, suporá a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.

5. PAGAMENTO

- O custo da praza para os solicitantes do campamento urbano de 3 a 6 anos que resulten admitidos na quenda de xullo, é de **20 euros**.
- O custo da praza para os solicitantes do campamento urbano de 3 a 6 anos que resulten admitidos na quenda de agosto, é de **20 euros**.
- O custo da praza para os solicitantes do campamento urbano de 7 a 14 anos que resulten admitidos na quenda de xullo, é de **25 euros**.
- O custo da praza para os solicitantes do campamento urbano de 7 a 14 anos que resulten admitidos na quenda de agosto, é de **25 euros**.
- O pagamento deberá realizarse **do 25 ao 27 de xuño de 2018** (ámbolos dous incluídos), una vez publicada a listaxe de admitidos e presentarán o xustificante de pago na Casa da Xuventude, dando por confirmada a súa praza.
- O pagamento deberá realizarse mediante ingreso ou transferencia bancaria o número de conta / IBAN:

ABANCA (A VALENZÁ): **ES 78 2080 0470 2931 10000065**

*Indicando como concepto **“Campamentos Urbanos 2018”**, e o **nome e apelidos do menor**.

- Unha vez pasado este prazo , e no suposto de que quedasen prazas vacantes, chamarase por rigorosa orde de no resultado de sorteo ós solicitantes en lista de espera, que deberán efectuar o pagamento nun prazo de tres días unha vez recibida a comunicación telefónica da súa admisión na actividade. Realizarase un máximo de 4 chamadas no transcurso de dous días e, de non ser posible a comunicación telefónica, chamarase ó seguinte solicitante da lista.
- Unha vez efectuado o ingreso correspondente, non se devolverá o importe satisfeito salvo se acredite a imposibilidade do neno/a de asistir á actividade mediante certificado médico que deberá presentarse cun mínimo de antelación de 48 horas antes do inicio da actividade.

6. ORGANIZA

Concello de Barbadás

Área de Xuventude

Concellería de Servizos Sociais, Sanidade e Participación Veciñal.

Casa Municipal da Xuventude

Parque da Solaina s/n – A Valenzá

Tel. 988391526 Fax: 988234725

e-mail: xuventude@barbadas.es

<http://www.barbadas.es>